

**4 Desenvolve un tema a partir de documentos históricos.**

Os seguintes documentos serven de base para realizar unha composición sobre a instauración e institucionalización do réxime franquista. Comezada durante a guerra civil marcando as diferenzas coa democracia (Doc. 1), nos seguintes anos diferentes textos legais van conformando o réxime: a implantación do sindicalismo vertical (Doc. 2), a creación dun pseudoparlamento á medida (Doc. 3) ou a codificación de dereitos e deberes dos españois (Doc. 4) son exemplos representativos. Por último, no Doc. 5 amósanse algúns dos instrumentos e apoios que serviron ao franquismo na súa consolidación.

**\*Proba de Acceso á Universidade (Comisión Interuniversitaria de Galicia), opción 1 de setembro de 2001.**

**DOC. 1. A «CRUZADA NACIONAL».**

*Discurso de Francisco Franco en conmemoración do «Alzamento Nacional».*

Correspóndenos a paladinaxe dunha fe, unha civilización e unha cultura gravemente ameazadas polos principios roxo-comunistas [...].

Á irresponsabilidade política dos partidos liberais, sucede a unidade da nosa Cruzada, organicamente constituída; a un Estado neutro e sen ideais, substitúeo o misional e totalitario, que orienta o pobo sinalándolle o camiño [...].

Hai que soldar o pobo, dividido polos partidos, hai que unir medio século de separacións; hai que borrar os prexuízos da loita de clases; [...] hai que elevar os principios do *Movemento*.

Francisco Franco, 18 de xullo de 1938

**DOC. 4. «FUERO DE LOS ESPAÑOLES».**

Art. 1. O Estado español proclama como principio reitor dos seus actos o respecto á dignidade, á integridade e á liberdade da persoa humana, recoñecendo o home, en canto portador de valores eternos e membro da comunidade nacional, titular de deberes e dereitos [...].

Art. 2. Os españois deben servizo fiel á Patria, lealdade ao Xefe do Estado e obediencia ás leis [...].

Art. 6. A profesión e práctica da relixión católica, que é a do Estado español, gozará da protección oficial. Ninguén será molestado polas súas crenzas relixiosas nin o exercicio privado do seu culto. Non se permitirán outras cerimoniais nin manifestacións externas que as da relixión católica [...].

Art. 10. Todos os españois teñen dereito a participar nas funcións públicas de carácter representativo, a través da familia, o municipio e o sindicato [...].

Art. 12. Todo español poderá expresar libremente as súas ideas mentres non atenten contra os principios fundamentais do Estado.

*Fuero de los españoles*, 17 de xullo de 1945

**DOC. 2. LEI SOBRE UNIDADE SINDICAL.**

Tres son os principios que inspiran a Organización Nacional-Sindicalista prevista polo Fuero del Trabajo, reflexo fiel da organización política do Novo Estado, isto é: Unidade, Totalidade e Xerarquía. Haberá, pois, segundo precepto do Fuero, unha soa orde de sindicatos, nos cales serán encadrados todos os factores da economía por ramas da produción ou servizos.

Artigo primeiro.— A Organización Sindical de F.E.T. e das J.O.N.S. é a única recoñecida con personalidade suficiente polo Estado, que non admitirá a existencia de ningunha outra con fins análogos ou similares.

31 de xaneiro de 1940

**DOC. 3. LEI DE CREACIÓN DAS CORTES ESPAÑOLAS.**

Continuando na Xefatura do Estado a suprema potestade de ditar normas xurídicas [...], o órgano que se crea significará, á vez que un eficaz instrumento de colaboración naquela función, principio de autolimitación para unha institución máis sistemática do poder [...].

Art. 1. As Cortes son o órgano superior de participación do pobo español nas tarefas do Estado. É misión principal das Cortes a preparación e elaboración das leis, sen prexuízo da sanción que corresponde ao Xefe do Estado.

Art. 2. As Cortes compóñense de Procuradores natos e electivos, isto é: a) Os ministros. b) Os conselleiros nacionais de F.E.T. y de las J.O.N.S. c) O Presidente do Consello do Estado [...]. d) Os representantes dos Sindicatos Nacionais. e) Os Alcaldes das cincuenta capitais de provincia [...]. f) Os Reitores das Universidades [...]. i) Aquelas persoas que pola súa xerarquía eclesiástica, militar, administrativa ou social, ou polos seus relevantes servizos a España, designe o Xefe do Estado, en número non superior a cincuenta.

17 de xullo de 1942

**DOC. 5. DIONISIO RIDRUEJO, EX-FALANXISTA POSTERIORMENTE REPRESALIADO POLO RÉXIME, ANALIZA O FRANQUISMO.**

Os grupos económicos atribuíanse con todo acougo o seu lote de soberanía. A Igrexa tomaría o seu. O Exército —aínda que oficialmente incluído, home a home, no Partido único— absorbería a súa porción, exercendo o control dos instrumentos executivos, e ficaría constituído en forza básica e arbitral. O Partido único proporcionaría o persoal político por xunto e representaría docilmente o papel de pobo na función [...]. Pola súa banda, o poder persoal, establecido como clave de arco [...], esponxaría nunha camarilla recrutada entre os máis fieis [...].

En rigor, a guerra non producira poderes novos. Máis ben repxera no seu sitio, libres de coidados, os poderes antigos, destruíndo aqueles outros que os ameazaban.

Dionisio Ridruejo, *Escrito en España*, 1962

## Resposta modelo

O novo réxime xurdido tras a derrota definitiva da República o 1 de abril de 1939 data en que Franco emitiu o parte en que declaraba rematada a guerra precisaba dotarse dunha legalidade da que carecía. Por esa razón, o Novo Estado franquista armouse dunha serie de Leis Fundamentais que cumpriron a función de institucionalizar o réxime: unha **ditadura persoal que xirou arredor de Francisco Franco**, na que se **suprimiron os dereitos e as liberdades**, sen unha ideoloxía definida, máis alá dunha serie de principios rectores (a unidade nacional, o totalitarismo do Estado e a xerarquía social e política) establecidos por oposición aos réximes democráticos, caracterizados, segundo a interpretación do propio ditador no seu discurso en conmemoración do «Alzamento Nacional» do 18 de xullo de 1938 (Doc. 1), pola «irresponsabilidade dos partidos liberais», a ameaza roxo-comunista e a división do pobo provocada pola loita de clases, fronte aos que cumpría construír un Estado «misional e totalitario, que orientase ao pobo sinalándolle o camiño» que servise para «soldar ao pobo».

Non obstante, malia que o proceso de institucionalización plena comezaba o 1 de abril de 1939, os anos anteriores foron determinantes na evolución política do réxime. Así, ao finalizar a guerra **Franco era: xefe do goberno** á fronte dunha Xunta Técnica do Estado, integrada por militares e homes da confianza de Franco e **xeneralísimo dos exércitos** (decreto de 29 de setembro de 1936); **líder indiscutible do partido único**, a Falange Española Tradicionalista y de las JONS (decreto do 20 de abril de 1937); e **xefe do Estado**, proclamado o 30 de xaneiro de 1938, data en que se constituíu o I goberno nacional, tamén presidido por Franco e integrado por militares e homes de confianza de Franco.

Ese novo goberno, ademais, promulgou a **Lei de Administración do Estado**, (que **atribuíu a Franco os poderes executivo, lexislativo e xudicial**), aboliu os estatutos de autonomía e **derrogou todas as leis republicanas, restablecendo os seus privilexios á Igrexa e aos grupos económicos** que os perderan coa chegada da Fronte Popular ao goberno da República, como indica Dionisio Ridruejo en Escrito en España (Doc. 5). Finalmente, ese mesmo goberno promulga a que será a primeira das **Leis Fundamentais: o Fuero del Trabajo** (9 de marzo de 1938), fundamento do que había ser o sindicalismo vertical e o nacionalsindicalismo que caracterizarán ao réxime franquista e que se desenvolve pola Lei sobre unidade sindical (31 de xaneiro de 1940), na que establece a existencia dun sindicato único, a organización sindical da FET y de las JONS, na que «se encadrarán todos os factores da economía por ramas da produción ou servizos» (Doc. 2). Así, de acordo coa lexislación laboral aprobada neses anos, á que cómpre engadir a Lei de constitución de sindicatos, establecíase: un sindicato único baixo a xefatura da Falange, a Organización Sindical Española; a afiliación obrigatoria e o corporativa de traballadores e empresarios, que inspirados no lema Unidade, Totalidade e Xerarquía, se oporían á loita de clases e traballarían a prol da harmonía social; e a prohibición das folgas e do despedimento libre.

Os gobernos posteriores intentaran dotar ao novo réxime dunha certa aparencia de legalidade mediante a promulgación das seguintes Leis Fundamentais:

- A **Lei constitutiva das Cortes** (1942, Doc. 3), pola que se creaba unha institución, as Cortes, que era o «órgano superior de participación dos españois nas tarefas do Estado», aínda que a «suprema



SOLEMNE APERTURA DAS CORTES, 1943.

potestade para ditar normas xurídicas» permanecía nas mans do Xefe do Estado e a representación do pobo quedaba reducida aos ministros, os conselleiros do partido, o presidente do Consello de Estado, delegados sindicais, os alcaldes das capitais de provincia, os rectores e aquelas persoas que Franco designase, polo que todos os procuradores eran, ao cabo, elixidos polo ditador.

- O **Fuero de los Españoles** (1947, Doc. 4), pola que se recoñecía aos españois como titulares de deberes e dereitos limitados polo deber do «servizo fiel á Patria, a lealdade ao Xefe do Estado» e a obediencia ás leis e aos principios fundamentais do réxime (art. 2 e 12); ademais, nese Fuero establecíase a **confesionalidade católica do Estado** (art. 6) e a **participación política a través da familia, o concello e o sindicato** (art. 10), que constituían as unidades básicas da organización social do réxime franquista.
- A **Lei do referendo nacional** (1945), pola que se establecía a posibilidade de que se sometesen a consulta popular as decisións do goberno ou das Cortes, que se había de empregar en dúas ocasións, nos anos 1947 e 1966.
- A **Lei de sucesión** (1947), pola que se definía a España como un **Reino** suxeito aos principios do «Movemento Nacional do 18 de Xullo»; e, finalmente,
- A **Lei dos Principios Fundamentais do Movemento** (1958), na que se recollen os principios que inspiran a **ideoloxía franquista**: o nacionalismo español, a doutrina social da Igrexa católica, o tradicionalismo, a cohesión social...

Con todo, o proceso de lexitimación e institucionalización do réxime non se completou ata 1967, data na que se promulgou a **Lei orgánica do Estado**, pola que se dotaba ao Estado dunha lei que regulaba as funcións do xefe de Estado, das Cortes e dos tribunais de xustiza e se mantiñan os principios fundamentais do Movemento como os eixes vertebradores da misión do Estado. Así mesmo, nese mesmo ano revisáronse as restantes Leis Fundamentais do Reino co ánimo de dotar ao Estado Español dunha aparencia democrática máis acorde cos novos aliados internacionais.

Non obstante, en tanto que o réxime non era democrático, desde o primeiro momento foron necesarias **outras medidas lexislativas**, como a **Lei de Responsabilidades Políticas** (1939) ou a **Lei sobre represión da masonaría e do comunismo** (1940), para asegurar a instauración da nova ditadura, que se sustentou nunha represión selectiva que provocou a morte de milleiros de persoas e forzou o exilio, a destitución dos cargos ou que se metese no cárcere a moitos milleiros de persoas, co que se lograba así a aceptación submisiva do novo réxime por parte da maioría da poboación.